



C O N C E L L O  
DE  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS SUBVENCIONS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO E COMISIONS DE FESTAS ANUALIDADE 2015

**EXPEDIENTE:** 2015/G003/000437

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** O Concello de Abegondo é consciente de que as entidades sen ánimo de lucro desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía, representando os intereses dos cidadáns e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible no desenvolvemento do concello.

**SEGUNDO.** A Alcaldía considerou necesario propoñer un sistema de axudas dirixidas as asociacións rexistradas no Concello de Abegondo e así mesmo ás comisións de festas do concello mediante a convocatoria de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro e comisións de festas, tal e como recolle a providencia da Alcaldía de data 25/08/2015.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Abegondo

#### CONSIDERACIÓNS

Foi emitido informe de Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento para convocar e conceder as subvencións.

Foi emitido informe de Intervención con data sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión das ditas subvencións

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro e comisións de festas correspondentes ao exercicio 2015.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro e comisións de festas correspondentes ao exercicio 2015, co texto que figura como anexo da presente resolución.

**TERCEIRO.-** Publicar a mencionada convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello e na sede electrónica municipal.

**CUARTO.-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

Dou fe  
O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).